

Unha breve autobiografía



SUSO DE TORO (Xesús Miguel de Toro Santos. Santiago de Compostela-Galiza. 10-1-56) Licenciado en Arte Moderna e Contemporánea. Do ano 76 ao 78 dirixe e escribe os textos para o grupo de teatro na rúa "Pepa

Loba".

No ano 83 obtén o premio "Galicia" de Literatura da Universidade de Santiago co seu libro de relatos *Caixón desastre*...

No ano 86 publica o libro de relatos *Polaroid*, que recibe o Premio da Crítica de Galiza...

No ano 88 publica a novela *Land Rover*, traducida e editada en castelán, francés e italiano...

No 90 *Ambulancia*, tres relatos policíacos encadeados...

No 93 publica *Tic-Tac*, novela que obtén o Premio da Crítica Española e premio "Arcebispo San Clemente". Premio dos Libreros da Coruña... Deu lugar a unha montaxe teatral de Etelvino Vázquez dirixindo a compañía Teatro de Ningures e a outra de Teatro de Adro.

A sombra cazadora, novela.. Os dereitos para o cine foron cedidos a "Continental Productions"...

Unha rosa é unha rosa (unha comedia de medo). Escrita para a compañía "Teatro do Noroeste" para a temporada 95-96...

Conta saldada, novela... Cedidos os dereitos para cine a "Tornasol Productions"...

Parado na tormenta, ensaios literarios...

Calzados Lola, novela. 1997. Premio Blanco Amor...

Circulo, libro de relatos. Adaptada a teatro no 2000 por Teatro do Adro. No 2001 por Teatro de Ningures.

Non volvas, novela. Abril do 2000... Premio da Crítica Española.

Trece Badaladas, novela (2002). Adaptada libremente ao cine por Xavier Villaverde. Premio Nacional de Narrativa.

Servicio de urxencias (2002), teatro. *Morgún (Lobo máxico)*,



novela (2003). *Home sen nome*, novel (2006). *Sete palabras*, novela (2009), conforman o resto da súa produción literaria.

Alén do anterior, escribiu xornalismo e ensaio, destacando:

No 91 *F.M.*, selección de textos xornalísticos sobre arte, política e cultura... *A Carreira do salmón*. Selección de escritos en prensa, conferencias e inéditos... *Nunca máis Galiza a intemperie* (2002), *Outra idea de España* (2005) ou *Inmateriais. Vidas da nosa historia* (2013).

http://bvq.udc.es/ficha_autor.jsp?id=XesToro&alias=Suso+de+Toro&solapa=biografia

http://gl.wikipedia.org/wiki/Suso_de_Toro



Suxestións literarias

1984 de Georges Orwell

Galou-Z28, de Lois Diéguez

Os soños eléctricos de Ramón Caride Ogando

Fahrenheit 451 de Ray Bradbury

Un feliz mundo novo de Aldous Huxley

O que Darwin non previu de Alba Payo Froiz

suxestións de... cine

1984 de Michael Radford (1984)

Blade Runner de Ridley Scott (1982)

Pleasantville de Gary Ross (1988)

Fahrenheit de François Truffaut (1966)

La fuga de Logan de Michael Anderson (1976)

Arrebato de Iván Zulueta (1980)

suxestións de... Cine de animación

Ghost in the Shell 2.0 de Mamoru Oshii (1995)

Metropia de Tarik Saleh (2009)

A Scanner Darkly (Unha mirada á escuridade), Richard Linklater


Metrópole, de Osamu Tezuka

suxestións de... Curtas de animación

Carne de cañón, de Katsuhiro Ôtomo (1995)

Fard, de David Alapont e Luis Briceno

suxestións de... Banda deseñada



Marela BD

Suxestións sobre

o autor

Suso de Toro e os destrutores de mitos

Agora lembro que un dos meirandes destrutores de mitos da actualidade é Suso de Toro. Nunca cesou nese afán. E del se recollen algúns dos mellores froitos que a escrita de Suso de Toro deixou. Se botamos unha ollada ao seu corpus narrativo resulta doado ver como hai un antes e un despois d'*A sombra cazadora* -e non quero renunciar ao comentario que o título provoca: sombra, presenza intanxibel, tal que os mitos; cazadora, que, como se verá, remata por nos conquistar. Antes Suso de Toro movíase polas terras pouco exploradas aínda (a narrativa galega estaba aínda no labor de vertebrase e acadar dinamismo histórico fóra das gadoupas que historicamente a afogaron... desde o seu medieval nacemento), polas pouco exploradas terras da destrución dos mitos, polas atraentes terras da liberdade que reclama o poder do agromar novo indicador de que non só existe unha corrente de auga. E lese, despois, un autor que tenta acomodar o seu discurso ao canon da novela clásica, onde deixa reaparecer ecos do primeiro Suso de Toro (*Circulo*). [...]

Porén, nin o mesmo Suso de Toro é quen de vivir á marxe do mito. Poden comprobalo aquí, xa no mesmo título, e, se queren, déanlle un repaso á súa narrativa (*Calzados Lola, Non volvas, Trece badaladas*...).

Vivimos nun tempo onde os cazadores de mitos se espallan e estercan por todos lados. O ser humano leva no seu sangue ese instinto cazador, e non se dá desfeito del senón que chega a converterse no seu vórtice vital.

Neste noso mundo desacralizado e laico triunfan os esqueletos, as momias, os zombis. E os máis fermosos protagonistas son os vampiros, esa promesa de maxia, misterio da morte, eternidade. É ben razoábel, é o máis sensato, que esta mocidade romántica procure historias de vampiros.

Mais ha ser por algo que, malia tanto cazador de mitos, este revive e recobra forzas até cazar ou colonizar o imaxinario de ficcións consumidas. Ficcións: narracións: mitos.

A vida é así, unha sombra cazadora. Nin nos deixa ser só cazadores de mitos, nin tampouco construtores de mitos, e está a reclamar que tampouco haxa condutores no mito (iso foi cousa da modernidade, cando o seu humano reclamaba que o seu intelecto era quen de gobernar o mundo e a súa vida).

A vida é así, mito permanente. Sempre foi así.

A diferenza, que agora, xa adestrados ou tempo tivemos diso, agora, xa mito reclama que sexamos nós quen nos internemos, que o comprendamos, que o vivamos.

Sempre haberá máis mitos a cazar. Sempre haberá máis mitos a construír. Sempre nos quedarán máis mitos a coñecer, sempre nos quedará máis coñecemento a extraer dos mitos. Matalos antes de os coñecer só nos condena, como a Sísifo, á esterilidade reiterada.

Xosé Manuel Eyré

<http://xmeyre.blogaliza.org/2011/11/27/suso-de-toro-e-os-destrutores-de-mitos/>

A marela tarabela

Nº 17

Xaneiro-2014

Boletín da Biblioteca do Instituto "Ramón María Aller Ulloa"

A sombra cazadora

A Sombra Cazadora é unha novela de non doada clasificación. Non é unha novela de ciencia ficción ao uso, malia conter elementos do xénero, tampouco é unha novela de fantasía a pesar de que abunda o *sobrenatural*, no entanto a presenza plural de xéneros e mitos fana interesante.

A estrutura é simple. Os protagonistas son dous adolescentes, dous irmáns (neno e nena), que deben abandonar o paraíso onde viven reclusos para se enfrontaren á maldade que habita fóra. Tempo antes do seu nacemento, seu pai, famoso presentador de televisión, aceptara un pauto fáustico: converterse nunha imaxe de realidade virtual para poder presentar varios programas asemade sen envellecer nunca. Esa imaxe fíxose todopoderosa e agora domina a humanidade que usa lentes escuras para ocultar a estática dos seus ollos. Xigantescas pantallas cobren a paisaxe urbana, apocalíptica, inhumana, sen amor nin parentescos, na que a desconfianza e o medo dominan. O control sobre a liberdade do individuo é total, o mundo revén orwelliano.

Ao morrer o pai, os fillos foxen da casa perseguidos pola Imaxe (á que como unha criatura de Frankenstein tamén se lle nega o nome, e é simplemente a Imaxe), que quere as súas mortes ou as súas vidas, porque no fondo é tamén seu pai e en certa forma seu irmán. A fuxida convértese entón nunha viaxe iniciática na que cada personaxe aprende sobre si

mesmo e sobre os demais.

Abundan tamén os elementos *sobrenaturais*. A Imaxe non é senón o Minotauro, inmerso no seu labirinto catódico feito de imaxes. E o rapaz, innominado (mais cun comportamento final coma o de Teseo), morto dúas veces é quen de ver a aura das persoas e falar coa súa nai morta.

Confusión quizais de mitos e tradicións. *A sombra cazadora* aspira a reescribir o que xa se dixo. É unha historia ambiciosa que desexa xogar a varias cartas ao mesmo tempo, sen ofrecer unha interpretación concreta dos acontecementos, isto tócanos a nós como lectores.

<http://pjorge.com/1995/10/07/sombra-cazadora-suso-de-toro/> [adaptación].



Esta guía

Esta guía non pretende ser unha guía exhaustiva, nin meterse en análises técnicas ou estilísticas.

Con ela só queremos facer unha serie de suxestións

(prescindíbeis) para que o texto se converta nun pretexto para a comunicación. Comunicarse cun libro na man ou cos seus ecos na memoria...

Guía de lectura [nº 8]

A sombra cazadora de Suso de Toro



A sombra cazadora: suxestións de lectura

Outro día no paraíso

Capítulo 1 (ELA, Carla)

O día que cumprín os dezaoto anos morreu papá. Mellor dito, escolleu o día que facía os meus dezaoto anos para matarse, que iso foi o que ocorreu. Non foi crueldade por amargarme o aniversario, foi un acto de piedade para os seus fillos, o meu irmán menor e mais eu.

En realidade foi o amor por nós...

Capítulo 2 (EL, Teseo)

Non recordo o día que morreu mamá, por aquelas era eu moi neno. Segundo conta miña irmá Clara eu xa aprendera a falar ben, foi aí cando virei tatexo...

Así comeza *A sombra cazadora*. Nesta primeira parte, Suso de Toro preséntanos a historia de dous irmáns, orfos de nai, e cedo de pai tamén, que se ven mergullados nunha apocalíptica trama de intolerancias e de procura de liberdade.

Os recordos da nai morta, o feito de falar con ela o fillo (innominado durante practicamente toda a novela), mediante un proceso paranormal no que a nai lle comunica que el será o elixido para axudar o pai no dilema que está a vivir, mergúllannos nunha viaxe realmente iniciática.

Reflexionamos:

Hai determinados acontecementos que nos poden facer madurar antes de tempo?

Unha sombra no paraíso

Nesta segunda parte os feitos tórnanse a cada vez máis estraños. As voces que partían do faiado da casa tiñan os rapaces intrigados: "nenos, vinde, subide", escoitaban.

Logo a aprendizaxe a conducir (un escaravello) para poder fuxir.

Os consellos, como a utilización das lentes para se protexeren da Imaxe. (*Fóra ninguén anda sen elas, está prohibido*). Logo a descuberta do porqué o pai sempre as usaba:

Papá non tiña ollos. Non tiña branco do ollo nin meniña; no seu sitio danzaban mil puntíños negros, grises e brancos que ían e viñan como abellóns nun fervedoiro mareante. Sentín grima de velo.

Á fin saben por boca do pai da historia da familia que conduce aos misteriosos feitos que deben saber: como se coñeceron os pais? En que traballaban?

Dunha vez, falamos do seu traballo, da creación de imaxes por ordenador... Propúxenlle conectar o ordenador a unha cámara e gravar a miña imaxe.

... Ela non comprendía nin compartía o meu entusiasmo.

... Tampouco soubo ver que aquilo non era a vida eterna, senón a condenación eterna...

O protagonista non coñece o seu nome, na

familia ninguén coñece o seu nome, o feito relaciónase directamente co misterio do faiado, ata que logo dun esvaecemento o rapaz esperta afirmando: *-Sei o meu nome...*

Por outro lado, a morte do pai reafirma o misterio que acolle o faiado:

"... NON ENTRAR NO FAIADO BAIXO NINGÚN CONCEPTO. ARRASTRADO O MEU CORPO ÁS ESCALEIRAS E QUEIMÁDEO LOGO NA MOREA DE LEÑA QUE HAI NO PATIO DE ATRÁS. MARCHADE DESPOIS AXIÑA NO COCHE Á CASA DO VOSO PADRIÑO COMO VOS EXPLIQUEI..."

Desamparados, a Imaxe turraba deles cara ao faiado:

"Clara, Clariña, ti e mais teu irmanciño sodes a miña cea. Non hai quen vos axude, vinde a min; non me obrigades saír de caza. Deixade o corpo..."

A identificación das voces do faiado coa Imaxe, a do pai que *circula por todas as pantallas, semella estar viva... Ela vive nun mundo paralelo ao noso. Como ela non pode saír, quere que todos vivamos no seu...*

A traxedia familiar (fáustica):

... o meu éxito matou a vosa nai, mátame a min e pódovos matar a vós... A fin de todo é moi sinxelo, "a avaricia rompe o saco"...

O control absoluto que conduce ao totalitarismo, unha clara manifestación dun mundo orwelliano:

-A Imaxe empezou a aparecer... en todas partes... Cando quixeron que o ordenador parase de creala xa non se podía facer nada, tiña existencia propia. Era omnipotente e omnipresente...

Hoxe é quen preside as pantallas de todo o planeta, está todo o día nas vidas de toda a xente...

Consumando unha especie de rebelión das máquinas para apoderarse do destino da humanidade e sementar o medo e desconfianza na poboación. O

poder da Imaxe con vida propia que tenta controlar ou eliminar a familia dos protagonistas, rivais para o seu existir:

-Se sabe de vós, se vos chega a coñecer, quereravos destruír...

-Non podo destruír a Imaxe, máis quixera eu... Se algunha vez vos vedes enfrontados a ela, se se chega a iso, lembre que a vosa forza está na carne e a dela na pantalla.



Tampouco poden pedir axuda á policía:

Son xente con armas. Prenden a quen non fai o que mandan... Ás veces son bos e ás veces son malos, depende. Aquí, para nós, vese que son malos. Traballan para a Imaxe...



Propostas:
A avaricia leva á creación dunha Imaxe que logo toma vida propia.

Unha vez máis reflexionamos sobre unha hipotética rebelión das máquinas. Con que autor relacionas dito tema recorrente?

A caverna e as sombras

O primeiro contacto coa civilización vai resultar cando menos inquietante: o BUS, o ticket, a pantalla (da que tanto os alertara o pai) e que supuña un notábel perigo para o irmán de Clara (*a pantalla debilitábase*), a primeira vez que viron un vello (unha reacción similar á narrada n'*A fuga de Logan*), o medo da xente; en suma, a Imaxe *debía ser como a dona de todo o mundo exterior...*, exercendo un control total sobre a poboación. A visión existencial da sociedade provocaba precisamente ese medo radical ante todo, medo a ser observado; é dicir a liberdade individual deixa de existir.

O encontro co Toco vai supor unha grande axuda para fuxir e protexerse da Imaxe.

As tendas, algo para eles descoñecido... e de novo a pantalla, ante a que o irmán de Clara ficaba como hipnotizado: *E apareceu a Imaxe. Sobre un fondo amarelo brillante a cara de meu pai... Non me afacia a ver a súa cara con ollos. Tiña a impresión de que a maldade da Imaxe se concentraba naqueles ollos, terían sido así os ollos de meu pai?..* E á fin o padriño.

-Na casa do mesmo, o refuxio no *cuartucho de debaixo das escaleiras, escuro e con olor a cerrado...* o único da casa que non tiña pantalla. Unha vez máis Suso de Toro nos achega ao mundo orwelliano de 1984. No entanto, o medo a seren descubertos impregnaba o ambiente:

-Non podo faltar moito dos lugares da casa onde hai pantallas. Non quero chamar polas sospeitas...

Porén a *Imaxe dixo que había entrar na casa a por nós.*

Por outro lado, a humanidade semella vivir nunha situación terminal. Reflectida no seguinte diálogo:

-E por que non deixan enterrar ou queimar os corpos dos familiares?..

-Non o sei, pero os corpos dos mortos non nos pertencen, son de todos, do público. Cando un morre unha ambulancia marcha co corpo.

Para que os queren?

Non o sei. Dinse tantas cousas. Que se os aproveitan para facer medicamentos, que se para facer alimentos para os vivos... -Pensei no que acababa de comer...

Isto lémbra-nos o acontecido en *Soylent Green*, o que nos achega á escaseza de alimentos e á corrupción alimentar.



Imaxe: <http://scaryduck.blogspot.com.es/>

Cal é a solución? Onde atopala? A resposta lígase á chamada Zona da Sombra, *o barrio no que está a casa onde naceu teu pai. Nesa área non se recibe o sinal da pantalla.*

Mais na *pantalla a Imaxe berraba:*

-Alto! Sodes os meus fillos, obedecede! Estadés fóra da lei!


No entanto collen folgos para chegar ao seu destino...



Propostas:
A Imaxe pasa a controlalo todo, coma un enorme GPS con poder omnimodo, como acontece na novela de George Orwell "1984". Coñeces tal novela ou algunha das súas adaptacións ao cine?

O móbil, as redes sociais son elementos que poden contribuir ao noso control?

Suso de Toro preséntanos un mundo existencial no que o medo forma parte do cotián, consonte a unha estrutura social totalitaria. Que sabes da ditadura franquista?



Benvido á casa

O irmán de Clara experimenta o mesmo perigo ante as pantallas que Ulises ante as sereas:

Eu notábame falto de forzas para afrontar a vida, calquera vida, máis aínda aquela na que as pantallas se me aparecían como argadelas nas que ficaba atrapado.

A Imaxe manifestábase dun xeito totalitario, sobre todo a respecto del, o irmán:

"Pensastes que podíades comigo, queridos cabuxiños? Por que lle escapades ao voso propio pai? Non é verdade que ti non me

queres escapar, meu fillo? Moito te me imitas... Eu coñézote ben, somos iguais. A caza rematou"...

Daquela, Clara acha a solución á situación:

-Dille o teu nome irmán,... -Dillo. Así saberá tamén o seu.

Teseo -dixen.

O mítico nome supuxo un pau tremendo para a Imaxe. Á fin sabía como combatela:

A Imaxe perdeu toda expresión. Sacudiu imperceptiblemente a cabeza e retrocedeu, fíxose un pouco máis pequena.

-Si, Teseo. -Chámome Teseo, Teseo! -A Imaxe estaba a perder color e a sufrir interferencias. Eu son Teseo!

-"Entón..." -murmurou a Imaxe para si.

-Si! -berrou Clara desde detrás miña- E ti es Minotauro! Monstro!

Naquel momento souben o que tiña que facer...

A Imaxe debilitouse disolta en millóns de parasitos que a devoraban por todos lados. E eu sentín que a miña conciencia se esvaecía nunha gran nada.


Ao igual que na lenda mitolóxica do labirinto de Creta e o Minotauro, o rapaz, Teseo, ía rematar co terrible poder da Imaxe, o Minotauro.

E a Imaxe desapareceu para sempre volvendo a liberdade á sociedade. O control orwelliano pasaba a mellor vida mais a cambio doutra, a de Teseo, ou non? Ou ficou noutra dimensión. Mesmo Clara afirmaba que seu irmán estaba dentro da pantalla:

Acomodamos a pantalla na cociña da casa... Ela di que alí aparece o seu irmán...



Propostas:
O mito de Teseo e o Minotauro, clasicismo ao servizo da solución ao conflito socio-familiar. Coñeces dita lenda mitolóxica?



Imaxe: <http://mitosgriegos.wordpress.com/>

Epílogo

E realmente semellaba estar na pantalla:

Cando os vexo a todos na cociña almorzando, ou no xantar ou na cea, teño soidades de estar vivo. Pero alégrame estar aquí con eles aínda que sexa dentro da pantalla...

Mais nada. Por aquí todos ben.



Propostas:
Outra dimensión. Falamos de universos paralelos. Que che suxiren?